



## **FUNDACIÓN PENZOL MEMORIA DE ACTIVIDADES 2016**

### **I. NOMEAMENTO E RECOÑECEMENTOS**

Foi nomeado Presidente da Fundación Penzol, Don Manuel Puga Pereira, na xuntanza do padroado da Fundación Penzol do 15/12/2016. Asimesmo, D. Alfonso Zulueta de Haz foi nomeado nesta mesma data Presidente de Honra.

Como representantes da Fundación no Consello Social da Lingua do Concello de Vigo, foron designados, Dña. María Dolores Villanueva Gesteira, como titular e D. Xosé Manuel Dasilva Fernández, como suplente. O noso agradecemento polos servizos prestados a D. Xosé María Pin Millares, que a petición propia non foi renovado.

A Fundación Lois Peña Novo, coa colaboración da Secretaría Xeral de Política Lingüística homenaxeou ao noso padroeiro D. Xosé Luis Franco Grande. Ademais da súa traxectoria como avogado, escritor de ensaios e poesía, Franco Grande, salientou por ter realizado o primeiro dicionario en lingua galega, publicado pola Editorial Galaxia en 1968. O acto celebrouse en Redondela, o 6 de xuño de 2016 e descubriuse un monolito con placa de recoñecemento no paseo da Xunqueira (Redondela).

Tamén o noso padroeiro, D. Francisco Díaz-Fierros Viqueira, catedrático de Edafoloxía e membro de número da Real Academia Galega desde 2002, foi recoñecido cun dos Premios Lois Peña Novo na súa XXII edición. O xurado subliñou o seu compromiso vital a prol da utilización e valoración da lingua galega no eido da ciencia, e o que isto supón de incentivo "para o uso do galego en espazos nos que habitualmente non está presente".

### **II. ACTIVIDADES CULTURAIS DESENVOLVIDAS POLA FUNDACIÓN PENZOL**

EXPOSICIÓN “MAPAS E CARTAS DE VIGO E DE GALICIA: SÉCULOS XVII AO XX”, comisariada polo profesor Gonzalo Méndez, en Vigo, na Casa Galega da Cultura, do 27 de outubro ao 27 de novembro de 2016. Número total de visitantes: 1.650.

O 22 de novembro o director da Fundación Penzol, Francisco Domínguez, presentou a Fundación Penzol na UVIGO a 18 alumnos de 1º curso da Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo e á profesora Teresa Bermúdez, como preparación da visita á exposición de mapas e dependencias da Fundación Penzol, do día 25 de novembro.



### **III. ACTIVIDADES PROMOVIDAS POR OTRAS INSTITUCIÓN NAS QUE COLABOROU / PARTICIPOU A FUNDACIÓN PENZOL**

ANIVERSARIO NACEMENTO CASTELAO EN RIANXO, o 30 de xaneiro, celebración na que participou o noso vicepresidente 1º, D. Antón Vidal Andián.

CELEBRACIÓN DO ABRIL OTERIANO, 40º CABODANO DO FALECIMENTO DE RAMÓN OTERO PEDRAYO, organizada pola Fundación Otero Pedrayo. A Fundación Penzol colaborou en dous actos na Casa Galega da Cultura, co Instituto Politécnico de Vigo e IES de Valadares e un acto na Universidade de Vigo, na Facultade de Filoloxía e Tradución, coa coordinación do profesor Manuel Forcadela, no que interviron Dna. Patricia Arias Chachero e os padroeiros D. Antón Vidal, Dna. Mª Dolores Cabrera e Dna. Malores Villanueva.

EXPOSICIÓN JOSÉ SUAREZ 1902-1974, Santiago de Compostela, do 13/11/2015 ao 18/09/2016. Organizada pola Fundación Cidade da Cultura de Galicia.

EXPOSICIÓN CASTELAO ARTISTA, Pontevedra, do 01/03/2016 ao 05/06/2016. Organizada polo Museo de Pontevedra.

EXPOSICIÓN HISTORIA DA INDUMENTARIA E DO TÉXTIL EN GALICIA, Santiago de Compostela, do 11/03/2016 ao 11/09/2016. Organizada pola Fundación Cidade da Cultura de Galicia.

EXPOSICIÓN CASTELAO ARTISTA, Pontevedra, do 01/03/2016 ao 05/06/2016. Organizada polo Museo de Pontevedra.

EXPOSICIÓN SAÚDE E TERRA: IRMÁ(N)S, A Coruña, Santiago de Compostela, Vigo, Pontevedra, Ourense, Lugo, Ferrol, do 03/06/2016 ao 27/12/2016. Organizada pola Real Academia Galega.

EXPOSICIÓN MEU PONTEVEDRA: CASTELAO (1916-1936), Pontevedra, do 28/06/2016 ao 11/09/2016. Organizada polo Museo de Pontevedra.

SIMPOSIO SOBRE XAIME ISLA, Santiago de Compostela, 20 e 21 de outubro, interviron os padroeiros: Antón Vidal, Malores Villanueva, Marcelino Agís, Xavier Martínez e Francisco Domínguez.

EXPOSICIÓN CAMILO JOSÉ CELA 1916-2016. EL CENTENARIO DE UN NOBEL. UN LIBRO Y TODA LA SOLEDAD, Museo Centro Gaiás, Santiago de Compostela, do 19/10/2016 ao 19/02/2017. Organizada pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.



## IV. DIFUSIÓN

### 1. Boletín Novas Penzol

Grazas ao labor do padroeiro Silvestre Gómez Xurxo e ao persoal técnico, prosegue o labor de difusión sobre os libros e documentos de arquivo que os usuarios poden atopar nas coleccións da Fundación Penzol e da Biblioteca-Arquivo Francisco Fernández del Riego. Os boletíns deste ano, foron os números 13 e 14, dedicados a Manuel María e as Irmandades da Fala, respectivamente.

FACEBOOK: Deuse de alta un novo Facebook a nome de Fundación Fermín Penzol xa que o anterior fora aproveitado do Centenario de Francisco Fernández del Riego e non podía continuar. Perdéronse os amigos con que se contaba e iniciouse unha nova xeira. A fin do ano contabamos xa con arredor de 1.600.

### 2. Visitas de grupos á Fundación Penzol e á Casa Galega da Cultura

DATA	VISITAS	Nº persoas
22/02/16	IES Laxeiro (Lalín)	36
05/04/16	Colexio Nazaré (Cangas)	80
08/04/16	IES Politécnico (Vigo)	70
22/04/16	Asociación Vecia Dr. Fleming (Vigo)	21
25/04/16	IES Valadares (Vigo)	44
12/05/16	Grupo de mulleres Asociación Veciñal de Beade (Vigo)	27
30/05/16	IES Cabo Ortegá (Cariño)	20
26/09/16	Instituto Argentino-Gallego Apóstol Santiago (Buenos Aires)	19
08/11/16	IES do Castro (Vigo)	39
21/11/16	Asociación Veciñal "A Miñoa" Curso Hª de Arte de Vigo	19
25/11/16	Alumnos 1º Filoloxía e tradución Universidade de Vigo	19
30/12/16	AGPTI (Asociación Galega de Profesionais de Tradución e Interpretación)	4
<b>TOTAL VISITAS</b>		<b>12</b>
<b>TOTAL PERSOAS</b>		<b>398</b>

### 3. Visitas institucionais da Fundación Penzol e participacións noutras entidades

Visita ao Concelleiro da Área de Cultura para tratar do tema da vacante da praza de técnico medio de arquivos.



Participación na xuntanza do Padroado da Doazón de Francisco Fernández del Riego ao Concello de Vigo, o 15 nov 2016, presidida polo Alcalde de Vigo, Abel Caballero Álvarez. A Fundación estivo representada polo Vicepresidente 1º, Antón Vidal, e polo Secretario, Andrés Dapena.

## **V. FONDOS BIBLIOGRÁFICOS**

### **1. Incremento de fondos bibliográficos**

Monografías rexistradas: 659

Revistas rexistradas: 7

### **2. Catalogación e informatización de fondos bibliográficos**

Monografías: 1062

Revistas: 21

### **3. Fondo Ramón Piñeiro López**

Monografías catalogadas: 1.191

Monografías foráneas: 1.000

Monografías galegas: 191

## **VI. FONDOS ARQUIVÍSTICOS**

### **1. Incremento de fondos arquivísticos**

Grazas ás doazóns de:

David Vergara Saslavsky, de documentos da autoría de Eduardo Blanco-Amor: 5 fotografías e 3 manuscritos autógrafos (carta, poema e tarxeta de nadal).

José Jiménez Alonso, de 22 cintas magnéticas, nas que se recollen principalmente conferencias e intervencións de Ramón Piñeiro López. 06/12/2016.

Xesús González Gómez, de numerosas monografías e revistas de temática galega publicadas en Cataluña, así como de material documental do seu arquivo persoal.

Herdeiros de Xosé María Álvarez Blázquez (4ª entrega), formada por manuscritos e materiais impresos.



Presidente da Fundación Penzol, Alfonso Zulueta de Haz de monografías e revistas da sua colección particular.

Herdeiros de Avelino Pousa Antelo, formada por libros e documentos. Recibida case que toda a documentación de arquivo. Queda pendente a selección de libros que non teñamos nos nosos fondos.

Doazón dunha carta de Ramón Otero Pedrayo dirixida a Juan José Gallego Fouz, realizada polo destinatario aconsellado por Ramón Villares.

## **2. Tratamento de fondos arquivísticos**

A pesar de non contar, neste centro, con persoal arquivista no ano 2016, podemos acollernos ás Axudas da Xunta de Galicia para organización de arquivos (Orde do 10 de marzo, DOG do 6 de abril de 2016). A deste ano foi destinada ao “Proxecto de Organización do Fondo Xosé María Álvarez Blázquez”, que foi desenvolvido polo arquivista Pablo Pastoriza Rozas, segundo as normas de descrición arquivística e baixo a aplicación Archivo 3000.

O fondo está formado por documentación que abrangue dende o ano 1604 ata 1984 e gárdase en 54 caixas, signaturadas CA-0471 á CA-0524 e FOT-0026 e FOT-0027 .

En total redactáronse 678 rexistros e describíronse 141 autoridades para o fondo de Xosé María Álvarez Blázquez., sendo o volume total 5,13 metros lineais, repartidos en 56 unidades de instalación.

## **VII. DOADORES**

### Particulares

ALFONSO ZULUETA  
ANA ULLA MIGUEL  
ANGEL NUÑEZ SOBRINO  
ANTÓN VIDAL ANDIÓN  
ANTÓN COSTA RICO  
ARMANDO REQUEIXO  
BERNARDO MÁIZ  
CARMEN MANSO PORTO  
EDELMIRO MARTÍNEZ CERREDELO  
ESTANISLAO FERNÁNDEZ DE LA CIGOÑA  
FRANCISCO DÍAZ-FIERROS



FRANCISCO DOMÍNGUEZ  
JUAN JOSÉ GALLEGO FOUZ  
JULIO HERNÁNDEZ BORGE  
LOLITA ESTÉVEZ ÁLVAREZ  
LUIS ALONSO GIRGADO  
MANUEL CABADA CASTRO  
MANUEL PUGA PEREIRA  
MARCELINO AGÍS VILLAVARDE  
MARGARITA FUENTESECA  
MARIA DOLORES CABRERA  
MARIA DOLORES GONZÁLEZ PÉREZ  
PILAR HERNÁN  
RAMIRO BARROS JUSTO  
RAMÓN NICOLÁS  
VITOR VAQUEIRO  
XAN CARBALLA  
XERARDO DASAIRAS  
XESÚS FERRO RUIBAL  
XESÚS GONZÁLEZ GÓMEZ  
XESÚS GULÍAS LAMAS  
XOSÉ CARBALLO  
XOSÉ GONZÁLEZ MARTÍNEZ  
XOSÉ VIZOSO  
XULIÁN PARGA

#### Editoriais

EDICIÓNS XERAIS DE GALICIA  
ENGAIOLARTE  
ESPIRAL MAIOR  
GALAXIA  
LIBRERÍA FOLLAS NOVAS



## Institucións

ASOCIACIÓN CULTURAL NÓS

BIBLIOTECA CENTRAL

CENTRO RAMÓN PIÑEIRO

CONCELLO DE AMES

CONCELLO DE OROSO

CONCELLO DE OUTES

CONCELLO DE PONTEVEDRA

CONCELLO DE REDONDELA

CONCELLO DE VIGO

CONSELLO DA CULTURA GALEGA

CSIC

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA

FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA

FUNDACIÓN BARRIÉ DE LA MAZA

FUNDAÇÃO CALOUSTE GULBENKIAN

FUNDACIÓN ROSACRUZ

INSTITUTO DE ESTUDIOS VIGUESES

LA VOZ DE GALICIA

MUSEO ARQUEOLÓXICO DE OURENSE

MUSEO DE PONTEVEDRA

MUSEO DO POBO GALEGO

MUSEO MASSÓ

PEN CLUB DE GALICIA

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO

UNIVERSIDADE DE VIGO

XUNTA DE GALICIA



## VIII. PRÉSTAMOS BIBLIOGRÁFICOS E DOCUMENTAIS

Continuamos a prestar orixinais da biblioteca e do arquivo, para brindar a nosa colaboración imprescindible para a edición de facsímiles, publicacións e reproducións gráficas e audiovisuais, así como para o desenvolvemento de exposicións.

<b>Préstamos 2016</b>	<b>Total pezas</b>
Traballos editoriais e difusión	4
Exposicións	21

## IX.USUARIOS E CONSULTAS

### 1. Estatística de usuarios, clasificados pola tipoloxía da consulta

<b>2016</b>	<b>Teses</b>	<b>Investigación</b>	<b>Traballos académicos</b>	<b>Outros</b>	<b>Total</b>
<b>xaneiro</b>	2	12	10	12	<b>36</b>
<b>febreiro</b>	17	26	13	14	<b>70</b>
<b>marzo</b>	10	13	18	17	<b>58</b>
<b>abril</b>	3	14	15	20	<b>52</b>
<b>maio</b>	6	21	5	16	<b>48</b>
<b>xuño</b>	4	19	9	17	<b>49</b>
<b>xullo</b>	1	13	3	11	<b>28</b>
<b>agosto</b>	0	21	0	12	<b>33</b>
<b>setembro</b>	5	11	1	9	<b>26</b>
<b>outubro</b>	1	18	6	12	<b>37</b>
<b>novembro</b>	0	21	3	14	<b>38</b>
<b>decembro</b>	0	13	3	11	<b>27</b>
<b>TOTAL</b>	<b>49</b>	<b>202</b>	<b>86</b>	<b>165</b>	<b>502</b>





## 2. Estatística de materiais consultados

<b>2016</b>	<b>Libros</b>	<b>Revistas</b>	<b>Arquivo</b>	<b>Total</b>
<b>xaneiro</b>	71	9	7	<b>87</b>
<b>febreiro</b>	195	21	1	<b>217</b>
<b>marzo</b>	151	8	13	<b>172</b>
<b>abril</b>	131	15	24	<b>170</b>
<b>maio</b>	131	23	24	<b>178</b>
<b>xuño</b>	128	47	12	<b>187</b>
<b>xullo</b>	107	18	0	<b>125</b>
<b>agosto</b>	217	12	16	<b>245</b>
<b>setembro</b>	64	19	0	<b>83</b>
<b>outubro</b>	76	18	24	<b>118</b>
<b>novembro</b>	85	8	4	<b>97</b>
<b>decembro</b>	84	15	17	<b>116</b>
<b>TOTAL</b>	<b>1440</b>	<b>213</b>	<b>142</b>	<b>1795</b>

## 3. Usuarios / consultas de fondos por teléfono e por correo electrónico

- Usuarios: 84
- Consultas: 340

## 4. Servizo de reprografía

- Nº de fotocopias: 1.284
- Nº de dixitalizacións: 556
- Nº de solicitudes: 101 (de fotocopias), 39 (de dixitalizacións)



## 5. Temas das consultas e investigacións

### XANEIRO

- Os petroglifos de término
- As cantigas de Macías o namorado
- A poesía medieval galego-portuguesa
- A industria conserveira e a salgadura
- Castelos e fortificacións de Galicia
- A poesía de Juan Rodríguez del Padrón
- Cancións populares galegas
- Historia de Vigo
- A escultura do Nadador
- A oliveira de Vigo
- A escultura de Francisco Asorey
- Unidades didácticas sobre Vigo
- A emigración galega
- A ría de Arousa

### FEBREIRO

- A figura de Santiago Apóstolo
- As Irmandades da Fala
- Historia da literatura galega
- O ferrocarril do Porto de Vigo
- A prensa en Vigo (1917-1923)
- A obra de Hesíodo

### MARZO

- Poesía galega no século XIX
- Vigo nos anos 1940-1950
- A figura de Ramón Otero Pedrayo
- Historia de Vigo
- Nacionalización española en Galicia na Guerra Civil
- A poesía de Antonio Fernández y Morales
- A cartografía na Biblioteca Penzol
- A poesía de Manuel María
- Cruceiros do Concello de Ourense
- Manuel Rodríguez Lapa
- As cantigas de escarnio e maldizer
- Turismo en Galicia



## ABRIL

- A cartografía na Biblioteca Penzol
- A obra de Ramón Cabanillas
- 40 aniversario do pasamento de Ramón Otero Pedrayo
- Exposición sobre as Irmandades da Fala
- A figura de Ernesto Guerra da Cal
- Poesía galega
- Poemas en dialecto berciano
- Humor galego
- A guerra civil en Vigo
- As gárgolas na arquitectura de pedra
- Estudio sociolóxico de Vigo no primer tercio do século XX
- Antón Villar Ponte
- A literatura de Valle-Inclán
- Audiovisual sobre Manuel Maria
- A escultura en Galicia no século XIX
- Vida e obra de Manuel Banet Fontenla
- A poesía de Fernández Morales

## MAIO

- A figura de Villar Ponte
- A literatura francesa e inglesa traducida ao galego
- Documento sobre o Convento de Celanova
- Audiovisual sobre Manuel Maria
- Análise da paisaxe galega
- 1936 en Galicia
- Antoloxía da narrativa das Irmandades da Fala
- A obra de Curros Enríquez
- O Marquesado de Vilagarcía
- O traxe tradicional galego
- Conservación e restauración da Casa Rectoral de Barciademera

## XUÑO

- Lexicoloxía galega
- O Marquesado de Vilagarcía
- A adaptación dos intérpretes aos gustos do público do século XXI en Galicia
- Exposición colonial
- A obra de Xosé Luis Franco Grande
- Historia do humor gráfico galego



- Revista “As roladas”
- Botánica de Galicia
- Xenealoxías galegas
- Catalogación das ilustracións de Laxeiro
- Poesía metalingüística
- Poesía galega
- A literatura de Celso Emilio Ferreiro
- A figura de Eduardo Pondal

## XULLO

- Poemas á fala
- A música de Reveriano Soutullo
- A segunda república
- A obra de Manuel María
- Localización de toponimia e división territorial da Parroquia de Teis (Vigo)

## AGOSTO

- Borobó e outros
- Poemas á fala
- Literatura galega da segunda metade do século XX
- A poesía de Rosalía de Castro
- Congreso Internacional as Pelerinaxes
- As Irmandades da Fala e Asorey
- Sobre Johan Vicente Viqueira
- As Irmandades da Fala
- Toponimia de Cedeira (Redondela)
- Fauna de Galicia
- Descrición de Ourense

## SETEMBRO

- A obra de Ramón Otero Pedrayo
- Poemas á fala
- Xenealoxías gallegas
- A guitarra en Galicia
- Poemas de Carlos Casares
- O mundo de Urbano Lugrís
- Literatura galaico-latina
- O movemento obreiro en Vigo a principios do século XX
- Biografía de Camilo Torres
- Reencontrando a tradición galega
- Correspondencia de Fermín Penzol con Víctor Casas



- Valor dos ferrados de monte na provincia de Lugo
  - Estudo e edición dunha relación de sucesos
- OUTUBRO

- A obra de Koldo Michelena
- A poesía en Antonio Machado
- Lírica medieval galega
- Contos de Ramón Otero Pedrayo
- Foros e desamortización en Galicia
- Castelao e Xaquín Marín
- Fermín Penzol e as Irmandades da Fala
- A Illa de San Simón, evolución histórica
- A figura de Cachamuíña
- Martín Lutero e Galicia
- Protestantismo en Galicia
- Imaxes da Bretaña na literatura galega contemporánea
- Mulleres astrónomas ao longo da historia
- Vida de Luis A. Mestre Hernández

#### NOVEMBRO

- Guións de cine
- Semana portuguesa de Vigo
- Correspondencia entre Víctor Casas e Fermín Penzol
- Historia contemporánea de Galicia
- Xenealoxías de Galicia
- Lexicografía galega
- Pintores galegos
- A obra de Bernardino Graña
- Xogos florais en Galicia
- Correspondencia a Ramón Piñeiro
- Cartografía de Galicia
- Historiografía lingüística
- Cornualles e Galicia
- Familias de ascendencia portuguesa no sur de Galicia
- Macías o Namorado
- A obra de Ramón Otero Pedrayo
- Xohana Torres como tradutora

#### DECEMBRO

- Emigrantes galegos en Buenos Aires
- Tristán e Isolda
- As traducións de Merlín e Familia



- Xenealoxías de Galicia
- Semana portuguesa de Vigo
- Vigo romano
- O linxe galego
- A literatura de Manuel García Barros
- Lírica medieval galego-portuguesa
- As edicións de “O cañón de pau”
- A Real Academia Galega
- Ramón Otero Pedrayo na Xeración Nós

## **X. PERSOAL E PRÁCTICAS**

Por medio do Convenio Plan Práctica Laboral nos Concellos e Deputacións 2014/2015, Sara Paz Fernández e Tamara Rodríguez Súa disfrutaron de sendas bolsas, desde o 1 de abril de 2015 ata o 31 de marzo de 2016. Coas súas prácticas colaboraron na descrición de fondos de arquivo, como Xosé María Álvarez Blázquez e Ramón Martínez López, así como no tratamento técnico dos fondos bibliográficos e na atención aos usuarios.

O alumno da Universidade de Vigo, campus de Ourense, Alejandro Ángel Pérez, mediante o Convenio de Cooperación Educativa, continuou coas súas prácticas externas centradas no estudo documental e diplomático e transcrición completa do “Libro da Confraría de Santa María dos Mercadores da Cidade de Santiago” do século XV, con inicio o 22 de setembro de 2015 ata o 5 de abril de 2016 e duración de 150 horas.

Os alumnos Abigail Monroy Míguez e Aitor Barrio Benavides participaron no programa de prácticas do grao en Historia da USC, realizando actividades como inventario en base de datos de documentos do fondo Xosé María Álvarez Blázquez, así como da serie correspondencia de Xesús González Gómez, ordenación de fondos documentais de Ramón Martínez López e instalación de carteis do fondo do Colectivo Inzar, do 25 de xaneiro ao 11 de febreiro, total horas: 80.

Cun contrato do Concello de Vigo, a partir do 29 de decembro de 2015, prestou servizos como subalterna, María Antonia González Peinado, ata o 27 de xuño de 2016.

David Gundín Garcés, estivo a realizar prácticas do Master de Teatro da UVigo, incorporando á base de datos creada anteriormente máis material impreso relacionado co teatro: programas de man, trípticos, publicidade..., cun total de 150 horas, a partir do 19 de maio.

O alumno de grao en Historia da USC, Cristian Fernández Rodal, coas súas prácticas externas, realizou a consignación do número informático das fotografías do fondo Ramón Otero Pedrayo, clasificación e instalación por materias dos folletos e colocación de



etiquetas de signatura (tejuelos) de fondos bibliográficos, durante 80 horas, desde o 23 de maio.

Dende o 5 de setembro ata o 19 de decembro, estivo a prestar servizos como subalterna contratada polo Concello de Vigo, a subalterna Laura Duro de la Fuente.

Agradecemos a colaboración de Xavier Nogueira, quen desde o 20 de setembro, está a realizar unha base de datos da colección de carteis impresos.

-----